

## ASISTENTES

Caparrini Marín, Natalia (presidenta)  
Pita Carballo, José Luis (secretario)  
Casal Guisande, Manuel  
Cuevas Alonso, Miguel  
Fernández Fernández, Federico  
García González, Silvia  
Lima González, Estela  
Santos Grandal, Juan  
Villanueva Villar, Mónica

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do mércores **27 de maio de 2026**, ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 09:45 h. en segunda convocatoria, na Sala de reunións do 2º andar do Edificio Exeria e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **27 de maio de 2026** ás 10:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria do 13 de maio de 2026.**

A presidenta da Comisión pide que se aprobe a acta citada.

Apróbase por asentimento.

### **2. Resolución, se procede, das reclamacións á proclamación provisional de resultados ás eleccións á Reitoría.**

Di a presidenta que non houbo ningunha reclamación.

### **3. Aprobación, se procede, da proclamación definitiva da reitora electa.**

Apróbase por asentimento.

### **4. Toma en consideración do recurso presentado por Virxilio Rodríguez Vázquez contra a proclamación definitiva de candidaturas electas ao Claustro Universitario.**

Di a presidenta que este punto vai ter un tratamento similar ao seguinte e, polo tanto, as decisións que se tomen serán as mesmas para ámbolos dous.

Comenta que xa foron tratadas estas reclamacións nos resultados provisionais e realizárase unha votación dentro da comisión, descrita na acta anterior a esta.

Comenta que nas eleccións ao Claustro do ano 2022 houbera una reclamación similar e, tras pedir informe á Asesoría Xurídica, esta determinou que a Comisión Electoral interpretou a normativa e que ten capacidade para facelo, e que se mantña a decisión da Comisión Electoral.

Por explicar un resumo do procedemento:

As actas reflicten o número de votos por candidatos. Cando chegan as actas á Secretaría Xeral compútanse tódolos votos e vense os máis votados de cada mesa. Os empates dirímense ao final. Cóntase o resto e compútase o número de homes e mulleres do órgano electos e así se resolven os empates polo criterio de xénero.

Nesta votación houbo seis empates que se dirimiron así.

Desestimamos os recursos aplicando a votación da reunión anterior, explicaremos o procedemento e pediremos revisión dese artigo ao novo Claustro.

Apróbase por asentimento.

## **5. Toma en consideración do recurso presentado por José Carlos Álvarez Villamarín contra a proclamación definitiva de candidaturas electas ao Claustro Universitario.**

Este punto xa foi tratado no anterior, dándosele a mesma resolución.

## **6. Toma en consideración do recurso presentado por Martín Andrés Cernadas Cernadas contra a proclamación definitiva de candidaturas electas ao Claustro Universitario.**

A conclusión sobre este escrito é que se revisou a acta sen que aparecesen incidencias e, por tanto, desestímase o recurso.

## **7. Toma en consideración dos escritos presentados por José Santiago Pozo Antonio.**

Explica a presidenta o informe final do delegado de protección de datos dicindo que non aprecia elementos para iniciar procedemento, pero que aconsella trasladar recomendación ao PDI implicado sobre o deber de información e outras suxestións que se recollen no informe e así dáse por pechado o expediente.

## **8. Toma en consideración da posible infracción electoral presentado pola Delegación de estudantes da Escola de Enxeñaría Industrial.**

Sobre este punto explica a presidenta que se deu traslado do escrito á Secretaría Xeral para que se acollese ao procedemento de información reservada, e se saquen as conclusións pertinentes.

Pregunta Federico Fernández se chegarán a esta comisión os resultados desta información. A presidenta di que o consultará e que o procedemento está en marcha, o cal constata Juan Santos.

## **9. Outros asuntos de interese.**

Juan Santos reseña que no escrito de contestación a Pablo Abelleira as datas viñan erradas. A presidenta di que se emendará o erro.

Federico Fernández di que se deberían ter publicado os resultados das mesas de PTXAS por campus, pois isto é determinante para saber a composición dos Consellos de Campus e que para as próximas deberanse publicar.

Sen máis asuntos que tratar remata a xuntanza sendo as 11:20 horas do que eu como secretario dou fe.

A presidenta da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral